

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de xaneiro do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
José Luis Sampedro Bouzas.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 5 de xaneiro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Actas anteriores correspondentes aos días 22 e 29 de decembro de 2015.
- 2º.- Comunicación previa (obra menor).
- 3º.- Modificación de licenza de obra maior.
- 4º.- Licenza de obra maior.
- 5º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES CORRESPONDENTES AOS DÍAS 22 E 29 DE DECEMBRO DE 2015.

Acórdase por unanimidade a aprobación das actas das xuntas anteriores dos días 22 e 29 de decembro de 2015.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFONSO SERRAMITO FREIRE, con domicilio no Cabo 8, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un cerramento no Cabo 8, Os Ánxeles, coas seguintes características:

- Tramo 1: peche a base de bloque ata 1,80 metros de altura e revestido de pedra polas dúas caras do muro, cunha lonxitude de 7,10 metros.
- Tramo 2: peche con base de adobe sobre o que se van a poñer uns postes de ferro e rematado con malla de arame ata unha altura de 1,50 metros, cunha lonxitude de 11,30 metros.
- Tramo 3: peche a base de bloque ata 1,20 metros de altura e rematado ata 1,80 metros con malla de arame, cunha lonxitude de 17,20 metros e ademais colocárase un portal de 2 metros de ancho.

Así mesmo, as dúas fachadas do caseto que dan ao tramo 1 e 2 vanse revestir con cemento. As dimensións das paredes son de 6 x 8 metros, cunha altura aproximada de 4 metros.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e das resolucións do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 8 de outubro de 2015 e de data 16 de decembro de 2015 (expediente 1427/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Na resolución do 8 de outubro de 2015 autorízanse as obras para o peche nos tramos 2 e 3, sempre que o bloque quede debidamente enfusado e pintado.
- Na resolución do 16 de decembro de 2015 autorízanse as obras para o peche no tramo 1, sempre que o peche quede debidamente enfusado e pintado en cor branca, como o resto do peche, evitando os chapados. Así mesmo autorízanse as obras no galpón coa condición de que unha vez revestido de morteiro se pinte en cor branca.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada pola ANPA ROSALIA DE CASTRO-COLEXIO DE EDUCACION INFANTIL DOS ANXELES, con domicilio en Soigrex, Os Ánxeles, na que solicita modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 31/07/2015, para obras de cubrición do patio de xogos e facer reformas no edificio da escola unitaria de Soigrex, Os Ánxeles, segundo modificado do proxecto redactado pola arquitecta Lara Martínez de la Rosa, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/10/2015.

A modificación consistirá na substitución do taboleiro de madeira da cuberta do patio de xogos, por pranchas de fibrocemento, mantendo a cubrición de tella cerámica curva.

A parcela onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado (UC1), séndolle de aplicación a ordenanza nº6 do PXOM (equipamentos locais).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21 de decembro de 2015 (expediente 928/15), acorda por unanimidade conceder a licenza para a modificación solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JAIME VAZQUEZ CACHEIRO e MARIA DEL CARMEN ISABEL LOPEZ GUERRA, con domicilio en Pérros 3, Os Ánxeles, de solicitude de licenza para obras de reforma e ampliación da vivenda de Pérros 3, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05/10/2015 e documentación complementaria presentada no Concello o 16/11/2015 (r.e. 4892), o 11/12/2015 (r.e. 5258) con visado de data 09/12/2015 e o 23/12/2015 (r.e.5447) con visado de data 22/12/2015.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL1), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05/10/2015 e documentación complementaria presentada no Concello o 16/11/2015 (r.e. 4892), o 11/12/2015 (r.e. 5258) con visado de data 09/12/2015 e o 23/12/2015 (r.e.5447) con visado de data 22/12/2015.
- De acordo co establecido nos artigos 24, 171 e 172 da LOUGA, sinalar que a vivenda xa conta coas conexións ás redes de servizos urbanos existentes. Ademais, non é necesaria, segundo o disposto no artigo 24 da LOUGA a cesión de viais, posto que se trata da ampliación dunha vivenda existente, e o citado artigo impón o deber de cesión para as novas vivendas ou cando se substitúan as existentes (obra nova).
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 197.1 da LOUGA: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- A ampliación e reforma só se autoriza na parte da edificación non afectada polo recuado mínimo obrigatorio coa estrema do predio colindante e en virtude do disposto ao respecto polo artigo 103.4 da LOUGA, deberase comunicar polo Concello ao Rexistro da Propiedade a concesión da licenza suxeita a esta condición, aos efectos da práctica da anotación marxinal á que fai referencia o art. 74 do RD 1093/97.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.10 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González